

A competencia social nos alumnos galegos de educación superior

Hoxe ninguén dubida da contribución da educación superior ao fortalecemento da sociedade civil. En Galicia é un feito que o noso crecemento está asociado á mellora continua da formación dos universitarios, pero tamén que a nosa comunidade autónoma necesita da aprendizaxe e consolidación de competencias indispensables para o desenvolvemento do capital social. Se as universidades son responsables desa formación, será ben analizar este labor e examinar o modo en que os estudantes o perciben. Por iso e para iso realizouse o estudo descritivo que agora presentamos.

Miguel A. Santos Rego

Universidade de Santiago de Compostela
hemicch@usc.es

Mar Lorenzo Moledo

Universidade de Santiago de Compostela
hemlcc@usc.es


Palabras clave

Competencia social, educación superior, sociedade civil, aprendizaxe cívica.

Non se pode negar que a universidade é unha institución que se asocia á medra e ao fortalecemento da sociedade civil. Dos seus activos intelectuais e dos seus recursos culturais e investigadores tiran proveito, tanto a educación formal como a non formal, mediante saldos cualificadores dos cidadáns no eido da súa profesionalización e habilitación social (Oliveira, Santos, Rodríguez e Lorenzo, 2002).

Coincidimos co profesor Pérez-Díaz (1997) cando pon de relevo o papel da

universidade como peza imprescindible da sociedade civil. No eido público, o máis importante será a adopción e adquisición, por parte dos cidadáns, de hábitos e disposicións, entre eles, a toma de decisións e a asunción de responsabilidades. Nesa lóxica, a universidade terá que se esforzar por ser unha escola de civildade, xa sexa porque é quen de rearticular os seus procesos formativos segundo unha orientación de servizo e/ou de formación en competencias cívico-sociais, ou porque, sen descoidar o anterior nas súas propostas curriculares,



favorece a configuración de instancias asociativas en todos os seus graos, modalidades e expresións.

Como sinalaba Lisman (1998), e corroboran Puig e Outros (2006), a alfabetización cívica da sociedade civil correrá parella á presenza efectiva da aprendizaxe de servizo (*learning service*) nas institucións de formación. Só así poderemos deducir un sentido práctico para as competencias sociais dos estudantes e graduados universitarios. Aí radica o porqué deste traballo, cuxo propósito é someter a análise a percepción que teñen os estudantes sobre o papel que xogan ou poden xogar as universidades na súa formación cívica, aspecto que hoxe se vincula con forza á calidade da educación superior nos sistemas educativos máis desenvolvidos.

Deseño da investigación

O obxectivo de investigación é avaliar o modo en que os universitarios do Sistema Universitario de Galicia (SUG), perciben a formación que están a recibir e, de xeito máis concreto, a responsabilidade que lle atribúen á institución no tratamento de determinadas competencias cívicas (véxase Santos Rego e Lorenzo Moledo, 2007).

Levou-se a cabo un estudo descritivo, cunha mostra representativa de 1.347 alumnos universitarios, con 40 titulacións implicadas, correspondentes ás cinco grandes áreas de coñecemento (Ciencias

Sociais, Humanidades, Ciencias Experimentais, Ciencias da Saúde, e Tecnoloxía). Para asegurar unha mostra representativa, escolléronse en cada unha das titulacións, materias troncais ou obrigatorias, excluindo o Practicum por razóns de operatividade. Os suxeitos tiñan que cumprir, xa que logo, dúas condicións: estar nos últimos anos de traxectoria académica e cursar materias troncais ou obrigatorias de titulacións das cinco grandes áreas de coñecemento, e dos sete campus universitarios. Para determinar o tamaño da mostra para este tipo de poboación (finita), establecemos o nivel de confianza en 2σ , é dicir, 95,5%, a marxe de erro en 3% e consideramos que $p=50\%$ e $q=50\%$ (véxase Latorre, Del Rincón e Arnal, 2003).

Empregouse como único instrumento de indagación unha escala que se deseñou especificamente para o estudo e de título Escala de competencias cívico-sociais en alumnos universitarios. A escala está dividida en dúas partes diferenciadas:

- Unha primeira que recolle os datos de identificación fundamentais dos suxeitos da mostra. Fórmala 10 preguntas pechadas que inclúen cuestións relativas á idade, sexo, universidade, estudos que realiza, curso, experiencia e expectativas laborais e implicación en programas de voluntariado.
- Unha segunda que é unha escala tipo

Likert integrada por un total de 50 ítems que xiran arredor de tres factores principais:

- Conciencia cívica. O obxectivo do grupo de 11 ítems (1, 5, 11, 15, 17, 22, 24, 28, 31, 32, 34) que constitúen este primeiro factor, é coñecer a implicación dos estudantes universitarios coa súa comunidade.
- Responsabilidade da universidade no desenvolvemento das competencias cívicas. Dedicamos un número amplo de ítems (24) ao estudo de catro aspectos relevantes: percepción da educación universitaria e abordaxe das competencias cívicas (3, 20, 16, 8, 10, 27, 30, 35, 42), os programas de servizo social na universidade (47, 50, 38, 40, 13, 19, 25, 36), a relación entre habilitación social e inserción laboral (6, 14, 43, 46) e o rol dos profesores no desenvolvemento das competencias cívicas (45, 48, 23).
- As actitudes e competencias cívico-sociais dos alumnos universitarios. Interesábanos analizar o nivel de desenvolvemento de determinadas competencias transversais nos estudantes universitarios. Para iso, estudamos as competencias de relación e comunicación interpersonal (26, 37, 4, 21, 49, 18, 2, 9, 7, 33, 44, 39), e a capacidade de empatía (12, 29, 41).

O tratamento estatístico dos datos

Nº item	Contido	Total acordo	De acordo	Indiferente	En desacordo	Total desacordo
3	Preparar a transición da vida universitaria á vida laboral e profesional	2,2	19,4	15,6	45,3	17,4
20	Éxito laboral dependente, exclusivamente, da cantidade coñecementos adquiridos na universidade	1,2	6,3	6	48,7	37,8
16	Formar en competencias cívicas	22,3	53,8	16,5	6	1,4
8	Consideración de competencias cívicas na universidade e maior equidade social	15,1	48,3	30,2	5,1	1,4
10	Exercicio do pensamento crítico	7,9	15,1	15,2	31,3	30,5
27	Formar en valores os seus estudantes	34	49,3	11	4,2	1,5
30	Non valoración de habilidades sociais na formación e socialización profesional	17	44,4	27,3	10	1,3
35	Atención á responsabilidade social dos profesionais	10,5	45,1	34,6	8,5	1,2
42	Contribución a que posúan destrezas de comunicación intercultural	31,8	51,9	12,8	2,3	1,1

Táboa 1. A misión da universidade

concretouse en dúas fases: unha descritiva das respostas emitidas polos suxeitos da mostra ás afirmacións incluídas no instrumento, e outra comparativa dos datos en función das dúas variables independentes seleccionadas, o sexo e a área de coñecemento á que pertence a titulación que cursan (análise de varianza).

- Descrición da mostra

A maior parte (63,9%) dos estudantes enquisados teñen idades comprendidas entre os 22 e os 25 anos. Cunha porcentaxe visiblemente inferior (21,4%), sitúanse aqueles cuxas idades coinciden dentro do tramo 18-21. Así, a maior parte deles (44%) están a cursar 5.º de carreira, o 30% atópanse no curso inmediatamente inferior e o 22% estudan 3.º.

Segundo a distribución por sexo, a mostra está formada maioritariamente por mulleres (62,2%), representando o colectivo masculino unha porcentaxe menor (37,8%). Esta disparidade porcentual na presenza de ambos os dous sexos na investigación é tamén o reflexo do que está a acontecer no Sistema Universitario Galego, posto que o número de mulleres é moi superior ao de varóns.

Estes alumnos cursan titulacións

encadradas nas cinco grandes áreas de coñecemento. Concretamente, a área Tecnolóxica (34,8%) é a máis representada seguida das áreas de Ciencias Xurídicas e Sociais (26,7%) e Ciencias da Saúde (19,9%). As Humanidades e as Ciencias Experimentais, aínda que teñen unha presenza importante na investigación, non alcanzan os niveis de representatividade das anteriores (11,1% e 7,4%, respectivamente).

A misión da universidade: cualificación profesional e competencia social

Tal e como adiantabamos, cun grupo de 9 ítems analizamos como perciben os estudantes universitarios a educación que están a recibir e, máis concretamente, a responsabilidade que ten a institución no tratamento de determinadas competencias cívicas.

A nosa intención é comezar avaliando en que medida a universidade se preocupa pola cualificación profesional e a habilitación social dos seus alumnos, para analizar deseguido a percepción que teñen os estudantes sobre o que deberían ser os obxectivos do ensino universitario.

Antes de iniciar calquera indagación

sobre a responsabilidade da universidade no desenvolvemento de competencias cívicas e a súa relación coa inserción laboral, cómpre coñecer de forma global, se os estudantes perciben que o ensino superior os está a preparar axeitadamente para afrontar a transición á vida laboral e profesional (ítem 3) o que supón, ademais, o recoñecemento social dos estudantes como membros adultos desta.

Isto é o que pensan os estudantes:

A universidade non ensina de maneira apropiada

Os datos que presentamos son claros: os estudantes do SUG entenden que a universidade non os ensina de forma apropiada para afrontar esa transición entre vida estudantil e vida laboral e profesional. Non chegan ao 22% os que se pronuncian en sentido contrario, manifestando a súa satisfacción coa preparación que están recibindo para realizar a devandita transición.

Tanto os homes como as mulleres coinciden, practicamente, na súa valoración negativa con respecto á cuestión que se lles formulaba.

A comparación de ambas as dúas



Item	Contido	3	20	16	8	10	27	30	35	42
Sexo	Home	3,54	4,16	2,21	2,37	3,55	2,03	2,32	2,52	2,09
	Muller	3,58	4,15	2,04	2,25	3,65	1,82	2,36	2,40	1,77
Item	Contido	3	20	16	8	10	27	30	35	42
Área de coñecemento	Tecnolóxica	3,55	4,12	2,25	2,39	3,41	2,05	2,33	2,57	2,11
	Humanidades	3,74	4,15	1,99	2,27	3,81	1,89	2,34	2,51	1,63
	Ciencias Xurídicas e Sociais	3,63	4,13	2,00	2,16	3,71	1,78	2,40	2,33	1,76
	Ciencias Experimentais	3,77	4,26	2,25	2,46	3,65	1,93	2,24	2,55	2,03
	Ciencias da Saúde	3,32	4,21	2,00	2,25	3,72	1,78	2,33	2,33	1,78

Táboa 2. Medias nos ítems da escala segundo sexo e área de coñecemento

medias (análise de varianza) permítenos concluír que non se producen diferenzas estatisticamente significativas nas respostas en función do sexo.

Consideramos agora a variable área de coñecemento, na que se inclúe a titulación na que se matricularon (véxase a táboa 2). Os estudantes que están a cursar titulacións da área de Ciencias da Saúde e da Tecnolóxica son os que parecen marcar unha tendencia máis positiva, en contraposición á opinión das da área de Ciencias Xurídicas e Sociais, Humanidades e Ciencias Experimentais.

Na táboa anterior queda patente que as diferenzas de medias entre áreas son estatisticamente significativas. Empregando o método de comparacións múltiples de Sheffé podemos localizar estas diferenzas entre Ciencias da Saúde respecto de Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais e Ciencias Experimentais.

O éxito laboral non depende, exclusivamente, da cantidade de coñecementos

Poderíamos preguntarnos se hai realmente unha falta, ou se os estudantes de determinadas áreas ou cun determinado

perfil teñen maior conciencia de que é preciso contar con algo máis que competencia técnica para a inserción no mercado laboral.

Os universitarios teñen claro, segundo se deduce das respostas, que o seu éxito laboral non dependerá exclusivamente da cantidade de coñecementos que adquiren no ensino superior (ítem 20, táboa 1). Semella que, á marxe de condicionantes extrínsecos, buscan na universidade algo máis que o seu desenvolvemento cognitivo. Así, nada menos que o 86,5% manifesta o seu desacordo (48,7%) ou total desacordo (37,8%) coa relación entre éxito laboral e cantidade de coñecementos adquiridos na universidade.

Comparando esta variable segundo o sexo e a área de coñecemento, non se producen diferenzas estatisticamente significativas entre as medias dos distintos grupos (véxanse as táboas 2, 3 e 4).

Neste sentido, as nosas conclusións coinciden co estudo de Ginés Mora (2002). Este utilizou unha base de datos europea sobre emprego de titulados superiores reunindo unha mostra de máis de 40.000 suxeitos, dos que máis de 3.000 eran españois. Concluía que os graduados do noso país consideran, en maior medida

que outros europeos, que a universidade se centra no ensino de teorías e conceptos e que a asistencia á clase é importante, mentres que outros aspectos, como a aprendizaxe baseada en problemas e proxectos, as actitudes e habilidades socio-comunicativas, e a adquisición directa de experiencia laboral, teñen unha valoración inferior á media europea.

En definitiva, a universidade ten unha función, por non falar agora de misións, que non se esgota, nin con moito, na simple transmisión de coñecementos, por moita excelencia que se poida acadar neste labor.

A universidade debe formar en competencias cívicas

Da mesma forma, preguntamos aos suxeitos se é misión da universidade formar os seus estudantes en competencias cívicas (ítem 16, táboa 1). Os datos non deixan nin o menor indicio de dúbida: nada menos que o 76,1% dos universitarios galegos están de acordo (53,8%) ou totalmente de acordo (22,3%) con asignarlle esta función á institución universitaria.

Por sexo, a tendencia de resposta das

Variables	27	Sig.
Preparar a transición da vida universitaria á vida laboral e profesional (ítem 3)	,298	,585
Éxito laboral dependente, exclusivamente, da cantidade de coñecementos adquiridos na universidade (ítem 20)	,048	,826
Formar en competencias cívicas (ítem 16)	11,997	,001**
Consideración de competencias cívicas na universidade e maior equidade social (ítem 8)	7,377	,007**
Exercicio do pensamento crítico (ítem 10)	1,980	,160
Formar en valores os seus estudantes (ítem 27)	18,727	,000**
Non valoración de habilidades sociais na formación e socialización profesional (ítem 30)	,760	,383
Atención á responsabilidade social dos profesionais (ítem 35)	7,078	,008**
Contribución a que posúan destrezas de comunicación intercultural (ítem 42)	51,494	,000**

Táboa 3. Comparación de medias nos ítems da escala segundo sexo

mulleres afástase da dos seus correspondentes masculinos, o que implica que o grupo feminino está máis de acordo con atribuír esta misión á universidade. Ademais, as diferenzas entre as medias destes dous grupos son estatisticamente significativas ao 1% (véxanse as táboas 2 e 3).

A tendencia de resposta por áreas de coñecemento permítenos diferenciar ás claras dous grupos que se caracterizan por ter medias intragrupo moi próximas: o primeiro formado por Humanidades (1,99), Ciencias Xurídicas e Sociais (2,00) e Ciencias da Saúde (2,00); e o segundo, no que se inclúen Tecnoloxía (2,25) e Ciencias Experimentais (2,25). En calquera caso, estas diferenzas son estatisticamente significativas e prodúcense entre o grupo de Tecnoloxía respecto de Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais e Ciencias da Saúde (véxanse as táboas 2 e 4).

As competencias cívicas contribúen a unha maior equidade social

É evidente que para os universitarios

galegos, a universidade debe formar en competencias cívicas, pero interesábanos coñecer a causa desta valoración. Con este obxectivo, preguntamos se a consideración das competencias cívicas na universidade axudará a conseguir máis equidade social (ítem 8, táboa 1). Parece que a mostra está de acordo (48,3%) ou totalmente de acordo (15,1%) con esta asociación entre competencias cívicas na universidade e maior equidade social.

O grupo dos homes ten unha media de 2,37, mentres que o das mulleres está máis próximo ao acordo nesta cuestión (2,25). A distancia entre estas dúas medias é estatisticamente significativa (véxanse as táboas 2 e 3).

A área de Ciencias Xurídicas e Sociais é a que logra o índice de resposta máis próximo ao valor 2 da escala (2,16), afastándose deste a de Ciencias Experimentais e a Tecnolóxica. As diferenzas que observamos entre as medias dos cinco grupos son estatisticamente significativas (véxanse as táboas 2 e 4). A proba de Scheffé demostranos que as diferenzas se producen entre Tecnoloxía e Ciencias

Xurídicas e Sociais; e entre estas e as Experimentais.

Pensamento crítico, un obxectivo do ensino superior

No marco das competencias cívicas, interesábanos descubrir o peso que os estudantes lle outorgaban ao pensamento crítico. Concretamente, a formulación do ítem obedecía a este propósito “O exercicio do pensamento crítico non é un obxectivo do ensino universitario” (ítem 10, táboa 1).

Pois ben, os universitarios entenden maioritariamente que este exercicio si é un obxectivo do ensino superior, aínda que o 23% opine xustamente o contrario.

Vendo o tema segundo o sexo, aínda que existe unha pequena diferenza entre a media dos homes e a das mulleres, que as achega a elas máis ao desacordo, esta non é relevante dende un punto de vista estatístico (véxanse as táboas 2 e 3). Non obstante, por áreas de coñecemento, temos que os alumnos que máis mostran o seu desacordo co ítem que nos ocupa, son os das Ciencias Xurídicas e Sociais e Ciencias da Saúde e Humanidades. De



Variables	F	Sig.
Preparar a transición da vida universitaria á vida laboral e profesional (ítem 3)	5,986	,000**
Éxito laboral dependente, exclusivamente, da cantidade de coñecementos adquiridos na universidade (ítem 20)	,857	,489
Formar en competencias cívicas (ítem 16)	6,783	,000**
Consideración de competencias cívicas na universidade e maíos equidade social (ítem 8)	5,057	,000**
Exercicio do pensamento crítico (ítem 10)	4,895	,001**
Formar en valores os seus estudantes (ítem 27)	6,928	,000**
Non valoración de habilidades sociais na formación e socialización profesional (ítem 30)	,638	,635
Atención á responsabilidade social dos profesionais (ítem 35)	5,997	,000**
Contribución a que posúan destrezas de comunicación intercultural (ítem 42)	18,653	,000**

*Significativa ao 0,05
** Significativa ao 0,01

Táboa 3. Comparación de medias nos ítems da escala segundo a área de coñecemento

forma específica, as diferenzas significativas (véxanse as táboas 2 e 4) teñen lugar entre o grupo de Tecnoloxía e o de Humanidades, entre a de Tecnoloxía e Ciencias Xurídicas e Sociais, e entre a de Tecnoloxía e Ciencias da Saúde.

A universidade debe preocuparse por unha educación en valores

No amplo campo das competencias cívicas salientamos, máis concretamente, o tema da educación en valores na universidade. Neste sentido, para os universitarios galegos a educación universitaria é indisoluble da educación en valores, xa que para o 83,3% da mostra a institución debe preocuparse pola formación en valores dos seus estudantes (ítem 27, táboa 1).

Un panorama semellante atopámolo cando analizamos esta mesma variable en función do sexo: as mulleres están máis próximas ao total acordo que os varóns. A proba estatística empregada confirma que a diferenza é significativa ao nivel do 1% (véxanse as táboas 2 e 3).

Por área de coñecemento, os estudantes de Ciencias da Saúde, Ciencias Xurídicas e Sociais, ou mesmo os de Humanidades, mostran o maior nivel de acordo nesta cuestión, sendo os que cursan titulacións enmarcadas nas Ciencias Experimentais ou na Tecnoloxía os que se afastan en maior medida do valor máximo da escala. En calquera caso, estas diferenzas entre as medias dos grupos son estatisticamente significativas (véxanse as táboas 2 e 4) e prodúcense entre a área Tecnolóxica e a de Ciencias Xurídicas e Sociais, e entre a primeira e a de Ciencias da Saúde.

A universidade non traballa suficientemente as competencias cívico-sociais

Cando se está a ver a necesidade de que a educación universitaria contemple, non só a cualificación senón tamén o marco da competencia social, interesábanos coñecer a opinión dos estudantes ante a afirmación “Na universidade non se valoran as habilidades sociais como ámbito de formación e socialización profesional” (ítem 30). Pois ben, os alumnos do SUG,

consideran maioritariamente (61,4%) que na universidade non se valoran as posibilidades formativas e de socialización profesional destas habilidades. Só o 11,3% afirma a súa posición nunha dirección contraria (véxase a táboa 1).

Non se producen diferenzas estatisticamente significativas en función do sexo ou da área de coñecemento (véxanse as táboas 2, 3 e 4).

A interpretación destes datos permítenos aventurar que o ensino universitario afonda nos coñecementos de cada unha das áreas culturais, pero non o fai suficientemente nunha área que é transversal a todas elas, como é, xustamente, a que se refire ás competencias cívico-sociais.

Para unha análise máis detallada desta cuestión introduciuse na escala o ítem “A responsabilidade social dos profesionais debe ser obxecto de atención prioritaria na universidade” (ítem 35). Teñamos en conta que na devandita formulación figura o termo ‘prioritaria’ querendo resaltar que a responsabilidade social sería, no marco do currículo universitario, tan importante como

os propios contidos científicos. Neste sentido, os estudantes das tres universidades galegas non teñen dúbidas á hora de plasmar nas súas respostas o acordo (45,1%), ou mesmo o total acordo (10,5%), con este obxectivo que se sinala para a educación universitaria (véxase a táboa 1).

A comparación da mostra na variable E35 en función do sexo e da área de coñecemento ofrécenos novas perspectivas de análise. As mulleres manifestan, en maior medida que os homes, o seu acordo coa idea de que a responsabilidade social dos profesionais debe ser obxecto de atención prioritaria no seo da universidade. Nesta cuestión podemos dicir que as diferenzas entre as medias en función do sexo son estatisticamente significativas ao nivel do 1% (véxanse as táboas 2 e 3).

Evidentemente, as áreas de Ciencias da Saúde e as Ciencias Xurídicas e Sociais son as que obteñen unha media máis próxima ao acordo, situándose no extremo de valoración a área Tecnolóxica. A análise de varianza demostra que as diferenzas entre os cinco grupos de estudo son estatisticamente significativas (véxanse as táboas 2 e 4) e que se producen entre as áreas Tecnolóxica e de Ciencias Xurídicas e Sociais, e entre as áreas Tecnolóxica e de Ciencias da Saúde.

A universidade debe desenvolver destrezas de comunicación intercultural

Unha das características que define a sociedade do século XXI é a diversidade cultural que imbúe todas as facetas da vida educativa, económica e social. Daquela, os universitarios que aspiran a ser bos

profesionais no seu ámbito de competencia, deberían ter clara a necesidade dunha habilitación, por non falar de alfabetización en termos interculturais. Non foi outra a razón que levou a sondar a opinión dos suxeitos sobre a responsabilidade da universidade no desenvolvemento de destrezas de comunicación intercultural.

As respostas son unánimes no acordo (51,9%) ou total acordo (31,8%) coa premisa presentada “É fundamental que a universidade contribúa a que os estudantes posúan destrezas de comunicación intercultural” (ítem 42, táboa 1). Estes datos amosan que os universitarios son conscientes da necesidade de aprender novas habilidades para moverse nun mundo cada vez máis heteroxéneo e conectado.

Segundo o sexo, volven ser as mulleres as que obteñen unha media máis próxima ao máximo valor positivo da escala (1,77). En calquera caso, as diferenzas que se observan entre homes e mulleres son estatisticamente significativas (véxanse as táboas 2 e 3).

Son os estudantes que cursan titulacións propias das áreas Tecnolóxica e de Ciencias Experimentais os que, aínda estando de acordo coa afirmación que se lles presentaba, se afastan en maior medida do valor máis positivo da escala. As diferenzas entre as cinco áreas de coñecemento son estatisticamente significativas (véxanse as táboas 2 e 4) e prodúcense entre a área Tecnolóxica respecto de Humanidades, Ciencias Xurídicas e Sociais e Ciencias da Saúde; e entre Humanidades e Ciencias Experimentais.

Conclusións

A análise dos datos permitiunos chegar a uns resultados con respecto á responsabilidade da universidade no desenvolvemento das competencias cívicas que cómpre recordar e sintetizar.

Os universitarios galegos non están de acordo coa formación que reciben, ao entender que non os prepara para a vida laboral. Concretamente, non se valoran as habilidades sociais como ámbito de formación e socialización profesional. Consideran, ademais, que a universidade debería ter entre os seus obxectivos formativos o desenvolvemento de competencias cívicas, debido a que tales competencias favorecen a xustiza social, o pensamento crítico, as destrezas de comunicación intercultural e a educación en valores. Todo iso leva consigo un revulsivo favorable ao reforzo do papel que debe ter a formación ética dos profesionais.

Son as mulleres e os que cursan estudos en Ciencias Xurídicas e Sociais, Ciencias da Saúde e Humanidades os máis proclives a atender o desenvolvemento de competencias sociais na universidade.

En definitiva, o que se aprecia é un importante grao de escepticismo acerca da súa formación, posto que son moitos os alumnos universitarios que non se consideran suficientemente preparados para afrontar o tránsito dende a universidade á vida laboral. Neste sentido, os estudantes non botan tanto en falta o dominio de contidos específicos como o desenvolvemento funcional de competencias cívico-sociais, aínda que atopamos diferenzas significativas en función do sexo e da área de coñecemento.



Bibliografía

GINÉS MORA, J. (2002) Formación, empleo y demandas laborales: la Universidad Española en el contexto europeo (51-167), en MICHAVILA, F. e MARTÍNEZ, J. (Eds.) *El carácter transversal en la educación universitaria*. Madrid, Edita Comunidad de Madrid.

LATORRE, A., DEL RINCÓN, D. e ARNAL, J. (2003) *Bases metodológicas de la investigación educativa*. Barcelona, Experiencia.

LISMAN, C. D. (1998) *Toward a civil society. Civic literacy and service learning*. Westport, CT, Bergin & Garvey.

OLVEIRA, E., SANTOS, M. A., RODRÍGUEZ, A. e LORENZO, M. (2002) La pedagogía de la sociedad civil desde la universidad, *Revista de Ciencias de la Educación* (190) 171-190.

PÉREZ-DÍAZ, V. (1997) *La esfera pública y la sociedad civil*. Madrid, Taurus.

PUIG, J. M.^a e Outros (2006) *Aprenentatge*

servei. Educar per a la ciutadania. Barcelona, Octaedro.

SANTOS REGO, M. A. e LORENZO MOLEDO, M.^a M. (2007) *Universidade e construción da sociedade civil en Galicia*. Vigo, Xerais.

Data de aceptación definitiva: 10/12/07

Nesta sección recóllense artigos que, mediante o estudo sistemático, a análise científica e a realización de proxectos, axudan a comprender, explicar, interpretar ou transformar a realidade, tanto no que atinxe aos sistemas educativos, como á intervención pedagóxica.

Os traballos presentados deben axustarse ás seguintes normas:

- Non superar os 12 folios DIN-A 4 (21.000 caracteres), letra Times, 14 puntos.
- Os textos deberán incluír un mínimo de tres imaxes, que poden ser táboas, gráficos, ilustracións ou fotografías relacionadas co tema, motivo de estudo. Estes non se computarán na extensión do artigo sinalada no punto anterior.
- Deben estar escritos, preferentemente, en lingua galega, aínda que se admiten textos en castelán. Os que cheguen á redacción da revista nesta lingua serán traducidos seguindo a normativa oficial.
- Os textos deben ir precedidos dun título, un resumo do contido que, en ningún caso, superará as 15 liñas e cinco palabras clave.

Os artigos deben enviarse a:
revista.galega.ensino@edu.xunta.es

Ou por correo postal en papel e CD ao enderezo postal:

Revista Galega do Ensino,
Secretaría Xeral da Consellería de Educación
e Ordenación Universitaria

Edificio Administrativo San Caetano, s/n
15781 SANTIAGO DE COMPOSTELA



Eduga someterá todos os traballos a informe de consultores na modalidade de revisión anónima, por esta causa, nunha das copias requiridas non figurarán nin datos persoais, nin calquera outro que poida indicar a autoría. No caso de que o tema así o requira procederase a consultar avaliadores externos. As avaliacións atenderán a criterios de relevancia, adecuación ás normas da publicación, actualidade do traballo e alcance as conclusións.

Colaborar@
con investigación